PEREIRO DE AGUIAR	XIMNASIA DE MANTEMENTO	61
PEREIRO DE AGUIAR	MINI BTT	20
PETIN	XX TORNEO DE TENIS MEMORIAL J.P. VIEITES	20
PETIN	VII MARCHA BTT DE PETIN	16
PETIN	VI MEDIA MARATON E V ANDAINA POPULAR	26
PIÑOR	PROGRAMA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE PIÑOR	64
PIÑOR	V ANDAINA DO CONCELLO DE PIÑOR	19
PONTEDEVA	ANDAINA PONTEDEVA, RUTA DA AUGA	35
PORQUEIRA	CLASES DE XIMNASIA DE MANTEMENTO	33
RAIRIZ DE VEIGA	II ANDAINA: RUTA DOS BOSQUES E VEIGAS	24
RAIRIZ DE VEIGA	RUTA DE MOUNTAIN BIKE: PASEO POLA NATUREZA	16
RAIRIZ DE VEIGA	CURSOS DE NATACION: INFANTIL E ADULTOS	35
RAMIRAS	PROGRAMA DE ACTIV. FISICO-DEPORTIVA PARA ADULTOS E PERSOAS MAIORES:TAICHI	51

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do día 23 de outubro de 2015

RIBADAVIA	MASTERCLASS I AEROBITHON DE RIBADAVIA	45
RIBADAVIA	PROGRAMA MOVETE-MULTIACTIVIDADE	54
SAN CIBRAO DAS VIÑAS	ANDAINA POPULAR DO CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS ANO 2015	35
SANDIAS	VI CARREIRA POPULAR TORRE DO CASTRO	21
SARREAUS	XUNTANZA BTT CONCELLO SARREAUS (RUTAS EN POUNTAIN BIKE)	15
SARREAUS	XIMNASIA MANTEMENTO PARA ADULTOS	54
TOEN	XIMNASIA PARA TODOS	71
VILAMARIN	TORNEO DE TENIS	17
VILAMARIN	MARATON FUTBOL 7	20
VILAMARIN	TORNEO DE PADEL	16
VILAR DE BARRIO	II ANDAINA POPULAR DO CONCELLO DE VILAR DE BARRIO	34
VILAR DE SANTOS	PROGRAMA DE ENVELLECIMENTO ACTIVO	43
VILAR DE SANTOS	EVENTO ANDAINA DE VERAN	24
VILAR DE SANTOS	ANDAINA DE OUTONO	24
VILAR DE SANTOS	EVENTO III KDD BTT VILAR DE SANTOS	26
XINZO DE LIMIA	CARREIRA POPULAR DE XINZO DE LIMIA	62
XUNQUEIRA DE AMBIA	ANDAINA POPULAR "PARA VOS" XUNQUEIRA 2015	26
XUNQUEIRA DE AMBIA	ESCOLAS DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS PARA MAIORES	60
XUNQUEIRA DE AMBIA	ESCOLA ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAESCOLARES	34

Conseguida a puntuación definitiva de tódalas solicitudes presentadas, a Comisión de Valoración, en atención ó número de proxectos presentados, á dispoñibilidade orzamentaria, e á importancia, categoría e transcendencia dos eventos, estableceu o seguinte cadro de puntuacións e o seu correspondente valor do punto :

Puntuación igual ou maior	€ valor punto
Ata 20	12
Ata 40	13
Ata 70	15
Ata 80	17
Mais 80	19

Así mesmo, compre advertir que de conformidade coa base cuarta da convocatoria que dispón que *“ningunha entidade poderá obter, ao abeiro desta convocatoria, subvencións por importe superior a 3.000 € para o conxunto dos distintos proxectos que presente. Para a aplicación desta regra, nos supostos en que unha entidade presentase diferentes proxectos cuxa valoración conforme co establecido na base 9ª determinase a obtención dunha contía superior ao límite máximo de 3.000 €, a Deputación concederá as*

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do día 23 de outubro de 2015

subvencións na contía que proceda de conformidade coa dita valoración, seguindo estritamente a orde de puntuación dos distintos proxectos e ata acadar o límite dos 3.000 €, quedando denegada a subvención para os proxectos aos que correspondería a contía excedentaria do dito límite. No suposto en que a valoración asignada a un proxecto exceda só parcialmente ese límite, a contía da subvención axustarase ata ese límite máximo”.

Neste senso, o Concello da Rúa obtivo un total de 3.000,00 € en dous dos catro proxectos subvencionados, polo que en aplicación da base cuarta de referencia, non se lle outorgou axuda económica nos restantes proxectos presentados, tal e como se indica no cadro que precede.

Conforme coa valoración efectuada, a asignación das subvencións aos diferentes proxectos queda do xeito seguinte:

CONCELLO	EVENTO OU PROGRAMA SOLICITADOS	PROPOSTA SUBVENCIÓN €
A GUDIÑA	XOGOS POPULARES E PARQUE INFANTIL	393
A GUDIÑA	MARATON FUTBOL SALA	199
A GUDIÑA	DIA DA BICI	170
A MERCA	ANDAINA POPULAR	385
A MERCA	CARREIRA POPULAR	504
A PEROXA	ACTIVIDADES FISICAS PARA PERSOAS MAIORES	1.034
A POBRA DE TRIVES	ANDAINA E BTT	424
A POBRA DE TRIVES	ACERCATE AO SKI	709
A RUA	XXIII CAMPUS BALONCESTO WAYNE BRABENDER	0
A RUA	IV RUTA BTT JABALIES	0
A RUA	ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS	1.837
A RUA	XI CAMPUS FUTBOL	1.163
A TEIXEIRA	ANDAINA POPULAR	229
A TEIXEIRA	IOGA PARA ADULTOS	348
A VEIGA	ENTRE LOBOS E ESTRELAS	209
A VEIGA	ACTIVIDADE FISICA PARA ENVELLECIMENTO ACTIVO	803
ALLARIZ	XXVI TRIATLON VIAL DE ALLARIZ	867
ALLARIZ	XVIII ANDAINA VILA DE ALLARIZ	1.318
ARNOIA	CAMPUS DE FUTBOL SALA-CONCELLO DE ARNOIA 2015	173
ARNOIA	8000 VARAS RACHAPERNAS DE ARNOIA	466
AVION	OCIO E DEPORTES EN AVION	610
BALTAR	VI ANDAINA POPULAR DO CONCELLO DE BALTAR	233
BANDE	CAMPIONATO DE PESCA E PERCORRIDO DE CAZA	735

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do día 23 de outubro de 2015

BANDE	XXII MARCHA CICLOTURISTA	690
BANDE	VIII ANDAINA POPULAR	710
BAÑOS DE MOLGAS	VIII CARREIRA POPULAR SAN SALVADOR	282
BARBADÁS	CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BARBADÁS	696
BEADE	DIA DO DEPORTE BEADE 2015	359
BOBORAS	PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARA ADULTOS	452
CARBALLEDA DE AVIA	FUTUROS NADADORES	254
CARBALLEDA DE AVIA	PROGRAMA PSICOMOTRICIDADE PARA MAIORES	257
CARBALLEDA DE AVIA	ANDAINA POPULAR DE CARBALLEDA DE AVIA	594
CASTRELO DE MIÑO	XVII CARREIRA DO SAN SILVESTRE	500
CASTRELO DE MIÑO	VIII ANDAINA A PE DE CASTRELO DE MIÑO	200
CASTRELO DE MIÑO	ESCOLAS DEPORTIVAS	800
CASTRELO DE MIÑO	CAMPIONATO GALEGO DE PIRAGUISMO	457
CASTRELO DE VAL	OBRADOIRO DE PSICOMOTRICIDADE E TALLER DE MEMORIA	930
CASTRO CALDELAS	XIMNASIA E MANTEMENTO PARA ADULTOS E MAIORES E CURSO INICIACIÓN NATACION	743
CASTRO CALDELAS	XOGOS POPULARES E TRADICIONAIS	213
CENLLE	VI ANDAINA SOLIDARIA DO CONCELLO DE CENLLE "CAMIÑANDO EN PROL DA INFANCIA	755
CENLLE	II XORNADAS DE INICIACION A ORIENTACION DEPORTIVA	330
CHANDREXA DE QUEIXA	PROGRAMA DE XIMNASIA DE MANTEMENTO PARA A TERCEIRA IDADE	698
COLES	ACTIVIDADE FISICA PARA O ENVELLECIMENTO ACTIVO E O MANTEMENTO EN ADULTOS	946
COLES	VIII ANDAINA POPULAR DO CONCELLO DE COLES	365
CORTEGADA	VIII CAMIÑADA "ROTEIRO POR TERRAS DE CORTEGADA"	479
CUALEDRO	CUALEDRO COA PRACTICA FISICO-DEPORTIVA	1.193
ENTRIMO	XII CAMIÑADA DE MONTAÑA DE ENTRIMO	512
LAZA	COÑECE LAZA-ANDAINAS POPULARES 2015	495
LAZA	ENVELLECIMENTO ACTIVO E SAUDABLE DO CONCELLO DE LAZA	1.080
LEIRO	XXXII CARREIRA POPULAR DE LEIRO	772
LOBIOS	I ANDAINA TERMAL DO CONCELLO DE LOBIOS	600
LOBIOS	ACTIVIDADES DE MANTEMENTO PARA A TERCEIRA IDADE	800
MACEDA	MEMORIAL MIGUEL SEARA	70
MACEDA	CARREIRA NOCTURNA	310
MACEDA	DEPORTE NO VERAN	494
MACEDA	TORNEOS PREMINIBASKET E MINIBASKET	210
MACEDA	TORNEO DE SEMANA SANTA FUTBOL SALA FEMENINO	210
MACEDA	TORNEO NADAL FUTBOL SALA	210
MANC. TERRA DE CELANOVA	PROGRAMA DE READAPTACION FUNCIONAL CON DISCAPACITADOS	646
MANC. TERRA DE CELANOVA	VII RUTA BTT TERRA DE CELANOVA	477

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do día 23 de outubro de 2015

MANZANEDA	ACTIVIDADES FISICO-DEPORTIVAS EXTRAESCOLARES	329
MANZANEDA	VI ANDAINA E I PERCORRIDO BTT DE MANZANEDA	428
MASIDE	IX CARREIRA E VIII ANDAINA POPULAR	659
MASIDE	PROGRAMA ACTIVATE	1.226
MONTEDERRAMO	ACTIVIDADE FISICA PARA ADULTOS	468
MONTERREI	II ANDAINA DO VIÑO MONTERREI	424
MONTERREI	VII MARCHA BTT	497
MONTERREI	II CARREIRA POPULAR	427
MONTERREI	X TORNEO DE VERAN DE FUTBOL SALA	394
MUIÑOS	XVI ANDAINA PARQUE NATURAL BAIXA LIMIA-SERRA DO XURÉS	682
NOGUEIRA DE RAMUIN	ANDAINA POPULAR	296
O BARCO DE VALDEORRAS	2º MASTER CLASS:DIADA DE XIMNASIA RITMICA	75
O BARCO DE VALDEORRAS	2ª XORNADA DEPORTIVA:JUDO PARA TODOS/AS	100
O BARCO DE VALDEORRAS	8º CAMPIONATO E XORNADA DE XIMNASIA RITMICA	75
O BARCO DE VALDEORRAS	6º CIRCUITO DE CICLISMO DO SALGUEIRAL	75
O BARCO DE VALDEORRAS	1ª ANDAINA E CARREIRA POPULAR DE SAN XOAN	100
O BARCO DE VALDEORRAS	TORNEO POPULAR DE TRES CONTRA TRES: FUTBOL NAS PRAZAS	75
O BARCO DE VALDEORRAS	2º TRAIL MOSTEIRO DE XAGOAZA:CORRENDO E ANDANDO	200
O BARCO DE VALDEORRAS	FESTA DO DEPORTE ESCOLAR MUNICIPAL	100
O BARCO DE VALDEORRAS	23º TORNEO DA AMIZADE DE FUTBOL-SALA	75
O BARCO DE VALDEORRAS	7ª ANDAINA NOCTURNA CAMIÑANDO "OS MOUCHOS"	75
O BARCO DE VALDEORRAS	3ª BICICLETADA POPULAR NOCTURNA	100
O BARCO DE VALDEORRAS	4º TORNEO DE VOLEI PARA MOZOS E MOZAS	75
O BARCO DE VALDEORRAS	15º TORNEO BARCO-BASKET MASCULINO E FEMININO	75
O BARCO DE VALDEORRAS	5ª RUTA DOS CIGURROS EN MOUNTAIN BIKE	200
O BARCO DE VALDEORRAS	49 DESCENSO INTENACIONAL DO RIO SIL	752
O BARCO DE VALDEORRAS	7ª ANDAINA POPULAR DE OUTONO CAMIÑANDO	100
O BARCO DE VALDEORRAS	5º CAMPIONATO DE ESPAÑA DE DESCENSOS CLASICA E SPRINT	400
OIMBRA	TORNEO FUTBOL-SALA CONCELLO DE OIMBRA	419
OIMBRA	DIA DA BICI	280
PADERNE DE ALLARIZ	VIII ANDAINA CONCELLO DE PADERNE	218
PARADA DE SIL	IX ANDAINA DA CASTAÑA	634
PARADA DE SIL	III CAMPIONATO DE XOGO DE BOLOS	467
PARADA DE SIL	II RUTA BTT PARADA DE SIL	277
PARADA DE SIL	XIMNASIA DE MANTEMENTO	560
PARADA DE SIL	IX CARREIRA POR MONTAÑA CAÑON DO SIL	651
PEREIRO DE AGUIAR	DIA DA BICI	288
PEREIRO DE AGUIAR	XIMNASIA DE MANTEMENTO	911
PEREIRO DE AGUIAR	MINI BTT	261

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do día 23 de outubro de 2015

PETIN	XX TORNEO DE TENIS MEMORIAL J.P. VIEITES	260
PETIN	VII MARCHA BTT DE PETIN	196
PETIN	VI MEDIA MARATON E V ANDAINA POPULAR	339
PIÑOR	PROGRAMA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE PIÑOR	958
PIÑOR	V ANDAINA DO CONCELLO DE PIÑOR	226
PONTEDEVA	ANDAINA PONTEDEVA, RUTA DA AUGA	459
PORQUEIRA	CLASES DE XIMNASIA DE MANTEMENTO	431
RAIRIZ DE VEIGA	II ANDAINA: RUTA DOS BOSQUES E VEIGAS	313
RAIRIZ DE VEIGA	RUTA DE MOUNTAIN BIKE: PASEO POLA NATUREZA	191
RAIRIZ DE VEIGA	CURSOS DE NATACION: INFANTIL E ADULTOS	451
RAMIRAS	PROGRAMA DE ACTIV. FISICO-DEPORTIVA PARA ADULTOS E PERSOAS MAIORES:TAICHI	766
RIBADAVIA	MASTERCLASS I AEROBITHON DE RIBADAVIA	672
RIBADAVIA	PROGRAMA MOVETE-MULTIACTIVIDADE	805
SAN CIBRAO DAS VIÑAS	ANDAINA POPULAR DO CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS ANO 2015	457
SANDIAS	VI CARREIRA POPULAR TORRE DO CASTRO	267
SARREUS	XUNTANZA BTT CONCELLO SARREUS (RUTAS EN POUNTAIN BIKE)	176
SARREUS	XIMNASIA MANTEMENTO PARA ADULTOS	817
TOEN	XIMNASIA PARA TODOS	1.213
VILAMARIN	TORNEO DE TENIS	206
VILAMARIN	MARATON FUTBOL 7	262
VILAMARIN	TORNEO DE PADEL	193
VILAR DE BARRIO	II ANDAINA POPULAR DO CONCELLO DE VILAR DE BARRIO	446
VILAR DE SANTOS	PROGRAMA DE ENVELLECIMENTO ACTIVO	644
VILAR DE SANTOS	EVENTO ANDAINA DE VERAN	100
VILAR DE SANTOS	ANDAINA DE OUTONO	100
VILAR DE SANTOS	EVENTO III KDD BTT VILAR DE SANTOS	200
XINZO DE LIMIA	CARREIRA POPULAR DE XINZO DE LIMIA	926
XUNQUEIRA DE AMBIA	ANDAINA POPULAR "PARA VOS" XUNQUEIRA 2015	340
XUNQUEIRA DE AMBIA	ESCOLAS DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS PARA MAIORES	840
XUNQUEIRA DE AMBIA	ESCOLA ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAESCOLARES	436
T O T A L		59.739 €

ACTA FINAL DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A CONCELLOS E MANCOMUNIDADES DE MUNICIPIOS PARA A ORGANIZACION DE ACTIVIDADES FISICO DEPORTIVAS 2015. (BOP nº 34, do 11 de febreiro de 2015)

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do día 23 de outubro de 2015

En Ourense, no Pazo dos Deportes “Paco Paz” da Deputación de Ourense, con data 20 de outubro de 2015, sendo as 9.00 horas, **reúnese a Comisión de Valoración do concurso para a concesión de subvencións a concellos e mancomunidades de municipios para a organización de actividades físico deportivas 2015 (cuxas bases e convocatoria foron publicadas no BOP n.º 34, do 11 de febreiro de 2015) integrada polas seguintes persoas:**

Presidente:

Don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación Provincial de Ourense.

Vogais:

- don Juan Marquina Fuentes (vicesecretario xeral)
- dona María del Carmen Fernández Gómez (funcionaria do Servizo de Intervención)
- don Ángel Cid Manzano (xefe do Servizo de Deportes)
- don Pablo Fernández Valencia, técnico deportivo de recoñecida e contrastada competencia. Licenciado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte.

Secretaria: dona M.^a Isabel Rodríguez Carrera (xefa da Sección de Subvencións)

O obxecto da reunión é a formulación dunha proposta definitiva de resolución do concurso, para a súa elevación á Xunta de Goberno da Deputación Provincial.

Os **antecedentes** do asunto para tratar son os seguintes:

1º) Con data 17 de setembro de 2015, a Comisión de Valoración **formulou unha proposta provisional de resolución do concurso**, que con data 30 de setembro do mesmo ano foi sometida a trámite de audiencia polo período de dez (10) días hábiles, de conformidade co establecido no artigo 84 da Lei 30/92, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e co artigo 7 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación.

2º) No indicado período **non se presentaron alegacións ningunhas á proposta provisional** do dito concurso.

3º) En tempo e forma, presentou **renuncia** ás súas solicitudes de subvencións ao abeiro da presente convocatoria da entidade seguinte:

- **Mancomunidad Terra de Celanova**, que contaba cunha proposta de axuda global para os proxectos que se indican a continuación por importe de **1.123**

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do día 23 de outubro de 2015

euros : Programa de readaptación funcional con discapacitados e VII Ruta BTT Terra de Celanova.

- **A Comisión de valoración** entende que a indicada cantidade deberá **repartirse proporcionalmente entre ós proxectos presentados con dereito a subvención.**

En virtude de canto antecede, a **comisión**, por unanimidade, **acorda elevarlle á Xunta de Goberno** da Deputación **proposta definitiva de resolución** do concurso co seguinte contido:

+1º.- Cualificación inicial da documentación administrativa presentada:

- a) Admitir a renuncia da seguinte solicitude de subvención inicialmente admitida a trámite:

CARTELLE	P3202100	XXII TORNEO DE FUTBOL SALA
		E XX CARREIRA POPULAR

- b) Non admitir a trámite a seguinte solicitude por non emendar a documentación que lle foi requirida, de conformidade co disposto na base sétima da convocatoria.

VIANA DO BOLO P3208700I ESCOLA DEPORTIVA DE VERÁN

- c) Non admitir a trámite as seguintes solicitudes por non presentar os orzamentos de gastos para cada un dos proxectos presentados, non sendo documentación emendable, toda vez que se trata dun elemento indispensable para poder proceder á valoración das solicitudes presentadas

MELON	P3204700C	CAMPIONATO DE PETANCA
MELON	P3204700C	VII ANDAINA POPULAR
MELON	P3204700C	ANDAINA CAMIÑO FRANCES POR TRAMOS
MELON	P3204700C	ACTIVIDADE UTILIZACION DE BIOSALUDABLES
MELON	P3204700C	AEROBIC

2º.- Excluir da valoración as solicitudes que se indican a continuación polos motivos que se sinalan :

SOLICITANTE	ACTIVIDADE SOLICITADA	MOTIVO EXCLUSIÓN OU NON VALORACIÓN
CONCELLO DE LAROUCO	XIMNASIA DE MANTEMENTO EN LAROUCO	COA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA IMPOSIBLE REALIZAR VALORACIÓN

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do día 23 de outubro de 2015

CASTRELO DE MIÑO	CAMPEONATO DE REMO	DO ESTUDIO DO EXPEDIENTE DEDÚCESE QUE NON É NIN PROGRAMA NIN EVENTO.SON VARIOS EVENTOS
A GUDIÑA	CAMPAMENTOS URBANOS E DE VERÁN	ACTIVIDADE QUE NON TEN ENCAIXE NA CONVOCATORIA
A MERCA	CONTRATACIÓN MONITOR DEPORTIVO	NON TEN ENCAIXE NA CONVOCATORIA
NOGUEIRA DE RAMUÍN	ANDAINA SAN XOÁN	NON TEN ENCAIXE NA CONVOCATORIA. TRATASE DE ACTIVIDADE GASTRONÓMICA
CARBALLIÑO	DÍA DA BICI E TORNEO MEMORIAL FUXI	IMPOSIBLE VALORACIÓN. NON ACHEGAN ORZAMENTOS
BALTAR	CAMPIONATOS	IMPOSIBLE VALORACIÓN

3º.- Conceder, conforme coa valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ás seguintes solicitudes:

CONCELLO	EVENTO OU PROGRAMA SOLICITADOS	PROPOSTA SUBVENCIÓN €
A GUDIÑA	XOGOS POPULARES E PARQUE INFANTIL	405
A GUDIÑA	MARATON FUTBOL SALA	211
A GUDIÑA	DÍA DA BICI	182
A MERCA	ANDAINA POPULAR	397
A MERCA	CARREIRA POPULAR	516
A PEROXA	ACTIVIDADES FISICAS PARA PERSOAS MAIORES	1.046
A POBRA DE TRIVES	ANDAINA E BTT	436
A POBRA DE TRIVES	ACERCATE AO SKI	721
A RUA	XXIII CAMPUS BALONCESTO WAYNE BRABENDER	0
A RUA	IV RUTA BTT JABALIES	0
A RUA	ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS	1.837
A RUA	XI CAMPUS FUTBOL	1.163
A TEIXEIRA	ANDAINA POPULAR	241
A TEIXEIRA	IOGA PARA ADULTOS	360
A VEIGA	ENTRE LOBOS E ESTRELAS	221
A VEIGA	ACTIVIDADE FISICA PARA ENVELLECIMENTO ACTIVO	815
ALLARIZ	XXVI TRIATLON VIAL DE ALLARIZ	867
ALLARIZ	XVIII ANDAINA VILA DE ALLARIZ	1.330
ARNOIA	CAMPUS DE FUTBOL SALA-CONCELLO DE ARNOIA 2015	185
ARNOIA	8000 VARAS RACHAPERNAS DE ARNOIA	478
AVION	OCIO E DEPORTES EN AVION	622

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do día 23 de outubro de 2015

BALTAR	VI ANDAINA POPULAR DO CONCELLO DE BALTAR	245
BANDE	CAMPIONATO DE PESCA E PERCORRIDO DE CAZA	747
BANDE	XXII MARCHA CICLOTURISTA	702
BANDE	VIII ANDAINA POPULAR	722
BAÑOS DE MOLGAS	VIII CARREIRA POPULAR SAN SALVADOR	294
BARBADÁS	CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BARBADÁS	708
BEADE	DÍA DO DEPORTE BEADE 2015	371
BOBORAS	PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARA ADULTOS	464
CARBALLEDA DE AVIA	FUTUROS NADADORES	266
CARBALLEDA DE AVIA	PROGRAMA PSICOMOTRICIDADE PARA MAIORES	269
CARBALLEDA DE AVIA	ANDAINA POPULAR DE CARBALLEDA DE AVIA	606
CASTRELO DE MIÑO	XVII CARREIRA DO SAN SILVESTRE	500
CASTRELO DE MIÑO	VIII ANDAINA A PE DE CASTRELO DE MIÑO	200
CASTRELO DE MIÑO	ESCOLAS DEPORTIVAS	800
CASTRELO DE MIÑO	CAMPIONATO GALEGO DE PIRAGUISMO	469
CASTRELO DE VAL	OBRADOIRO DE PSICOMOTRICIDADE E TALLER DE MEMORIA	942
CASTRO CALDELAS	XIMNASIA E MANTEMENTO PARA ADULTOS E MAIORES E CURSO INICIACIÓN NATACION	755
CASTRO CALDELAS	XOGOS POPULARES E TRADICIONAIS	225
CENLLE	VI ANDAINA SOLIDARIA DO CONCELLO DE CENLLE "CAMIÑANDO EN PROL DA INFANCIA	767
CENLLE	II XORNADAS DE INICIACION A ORIENTACION DEPORTIVA	342
CHANDREXA DE QUEIXA	PROGRAMA DE XIMNASIA DE MANTEMENTO PARA A TERCEIRA IDADE	710
COLES	ACTIVIDADE FISICA PARA O ENVELLECIMENTO ACTIVO E O MANTEMENTO EN ADULTOS	958
COLES	VIII ANDAINA POPULAR DO CONCELLO DE COLES	377
CORTEGADA	VIII CAMIÑADA "ROTEIRO POR TERRAS DE CORTEGADA"	491
CUALEDRO	CUALEDRO COA PRACTICA FISICO-DEPORTIVA	1.205
ENTRIMO	XII CAMIÑADA DE MONTAÑA DE ENTRIMO	524
LAZA	COÑECE LAZA-ANDAINAS POPULARES 2015	507
LAZA	ENVELLECIMENTO ACTIVO E SAUDABLE DO CONCELLO DE LAZA	1.080
LEIRO	XXXII CARREIRA POPULAR DE LEIRO	784
LOBIOS	I ANDAINA TERMAL DO CONCELLO DE LOBIOS	600
LOBIOS	ACTIVIDADES DE MANTEMENTO PARA A TERCEIRA IDADE	800
MACEDA	MEMORIAL MIGUEL SEARA	70
MACEDA	CARREIRA NOCTURNA	322
MACEDA	DEPORTE NO VERAN	506
MACEDA	TORNEOS PREMINIBASKET E MINIBASKET	210
MACEDA	TORNEO DE SEMANA SANTA FUTBOL SALA FEMENINO	210
MACEDA	TORNEO NADAL FUTBOL SALA	210

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do día 23 de outubro de 2015

MANC. TERRA DE CELANOVA	PROGRAMA DE READAPTACION FUNCIONAL CON DISCAPACITADOS	Renuncia
MANC. TERRA DE CELANOVA	VII RUTA BTT TERRA DE CELANOVA	Renuncia
MANZANEDA	ACTIVIDADES FISICO-DEPORTIVAS EXTRAESCOLARES	341
MANZANEDA	VI ANDAINA E I PERCORRIDO BTT DE MANZANEDA	440
MASIDE	IX CARREIRA E VIII ANDAINA POPULAR	671
MASIDE	PROGRAMA ACTIVATE	1.238
MONTEDERRAMO	ACTIVIDADE FISICA PARA ADULTOS	480
MONTERREI	II ANDAINA DO VIÑO MONTERREI	436
MONTERREI	VII MARCHA BTT	509
MONTERREI	II CARREIRA POPULAR	439
MONTERREI	X TORNEO DE VERAN DE FUTBOL SALA	406
MUIÑOS	XVI ANDAINA PARQUE NATURAL BAIXA LIMIA-SERRA DO XURÉS	682
NOGUEIRA DE RAMUIN	ANDAINA POPULAR	308
O BARCO DE VALDEORRAS	2º MASTER CLASS:DIADA DE XIMNASIA RITMICA	75
O BARCO DE VALDEORRAS	2º XORNADA DEPORTIVA:JUDO PARA TODOS/AS	100
O BARCO DE VALDEORRAS	8º CAMPIONATO E XORNADA DE XIMNASIA RITMICA	75
O BARCO DE VALDEORRAS	6º CIRCUITO DE CICLISMO DO SALGUEIRAL	75
O BARCO DE VALDEORRAS	1ª ANDAINA E CARREIRA POPULAR DE SAN XOAN	100
O BARCO DE VALDEORRAS	TORNEO POPULAR DE TRES CONTRA TRES: FUTBOL NAS PRAZAS	75
O BARCO DE VALDEORRAS	2º TRAIL MOSTEIRO DE XAGOAZA:CORRENDO E ANDANDO	200
O BARCO DE VALDEORRAS	FESTA DO DEPORTE ESCOLAR MUNICIPAL	100
O BARCO DE VALDEORRAS	23º TORNEO DA AMIZADE DE FUTBOL-SALA	75
O BARCO DE VALDEORRAS	7ª ANDAINA NOCTURNA CAMIÑANDO "OS MOUCHOS"	75
O BARCO DE VALDEORRAS	3ª BICICLETADA POPULAR NOCTURNA	100
O BARCO DE VALDEORRAS	4º TORNEO DE VOLEI PARA MOZOS E MOZAS	75
O BARCO DE VALDEORRAS	15º TORNEO BARCO-BASKET MASCULINO E FEMININO	75
O BARCO DE VALDEORRAS	5ª RUTA DOS CIGURROS EN MOUNTAIN BIKE	200
O BARCO DE VALDEORRAS	49 DESCENSO INTERNACIONAL DO RIO SIL	764
O BARCO DE VALDEORRAS	7ª ANDAINA POPULAR DE OUTONO CAMIÑANDO	100
O BARCO DE VALDEORRAS	5º CAMPIONATO DE ESPAÑA DE DESCENSOS CLASICA E SPRINT	400
OIMBRA	TORNEO FUTBOL-SALA CONCELLO DE OIMBRA	431
OIMBRA	DIA DA BICI	280
PADERNE DE ALLARIZ	VIII ANDAINA CONCELLO DE PADERNE	230
PARADA DE SIL	IX ANDAINA DA CASTAÑA	646
PARADA DE SIL	III CAMPIONATO DE XOGO DE BOLOS	479
PARADA DE SIL	II RUTA BTT PARADA DE SIL	289
PARADA DE SIL	XIMNASIA DE MANTEMENTO	560
PARADA DE SIL	IX CARREIRA POR MONTAÑA CAÑON DO SIL	663

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do día 23 de outubro de 2015

PEREIRO DE AGUIAR	DIA DA BICI	300
PEREIRO DE AGUIAR	XIMNASIA DE MANTEMENTO	923
PEREIRO DE AGUIAR	MINI BTT	273
PETIN	XX TORNEO DE TENIS MEMORIAL J.P. VIEITES	272
PETIN	VII MARCHA BTT DE PETIN	208
PETIN	VI MEDIA MARATON E V ANDAINA POPULAR	351
PIÑOR	PROGRAMA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE PIÑOR	970
PIÑOR	V ANDAINA DO CONCELLO DE PIÑOR	238
PONTEDEVA	ANDAINA PONTEDEVA, RUTA DA AUGA	471
PORQUEIRA	CLASES DE XIMNASIA DE MANTEMENTO	443
RAIRIZ DE VEIGA	II ANDAINA: RUTA DOS BOSQUES E VEIGAS	325
RAIRIZ DE VEIGA	RUTA DE MOUNTAIN BIKE: PASEO POLA NATUREZA	203
RAIRIZ DE VEIGA	CURSOS DE NATACION: INFANTIL E ADULTOS	463
RAMIRAS	PROGRAMA DE ACTIV. FISICO-DEPORTIVA PARA ADULTOS E PERSOAS MAIORES:TAICHI	778
RIBADAVIA	MASTERCLASS I AEROBITHON DE RIBADAVIA	684
RIBADAVIA	PROGRAMA MOVETE-MULTIACTIVIDADE	817
SAN CIBRAO DAS VIÑAS	ANDAINA POPULAR DO CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS ANO 2015	469
SANDIAS	VI CARREIRA POPULAR TORRE DO CASTRO	279
SARRE AUS	XUNTANZA BTT CONCELLO SARRE AUS (RUTAS EN POUNTAIN BIKE)	188
SARRE AUS	XIMNASIA MANTEMENTO PARA ADULTOS	829
TOEN	XIMNASIA PARA TODOS	1.225
VILAMARIN	TORNEO DE TENIS	218
VILAMARIN	MARATON FUTBOL 7	274
VILAMARIN	TORNEO DE PADEL	205
VILAR DE BARRIO	II ANDAINA POPULAR DO CONCELLO DE VILAR DE BARRIO	458
VILAR DE SANTOS	PROGRAMA DE ENVELLECIMENTO ACTIVO	656
VILAR DE SANTOS	EVENTO ANDAINA DE VERAN	100
VILAR DE SANTOS	ANDAINA DE OUTONO	100
VILAR DE SANTOS	EVENTO III KDD BTT VILAR DE SANTOS	200
XINZO DE LIMIA	CARREIRA POPULAR DE XINZO DE LIMIA	938
XUNQUEIRA DE AMBIA	ANDAINA POPULAR "PARA VOS" XUNQUEIRA 2015	352
XUNQUEIRA DE AMBIA	ESCOLAS DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS PARA MAIORES	840
XUNQUEIRA DE AMBIA	ESCOLA ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAESCOLARES	448
	T O T A L	59.681 €

4º.- Ampliar o prazo de xustificación establecido nas bases da convocatoria, debido á dilación na tramitación do concurso, ata o día 15 de decembro de 2015.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do día 23 de outubro de 2015

5.- APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE LEIRO, PARA OBRAS DE REPARACIÓN DA PASARELA COLGANTE DE LEIRO (OURENSE).

- Con data 30 de xaneiro de 2015, e no marco do expediente de modificación orzamentaria n.º 1/2015, o Pleno da Deputación Provincial aprobou a previsión da concesión dunha subvención nominativa a favor do Concello de Leiro para a obra de execución dunha pasarela peonil sobre o río Avia por importe de 60.000,00 €.

Con data 25 de setembro de 2015, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil remitiulle a esta Deputación, mediante correo electrónico, unha proposta de convenio de colaboración entre o dito organismo de conca, esta Deputación e o Concello de Leiro para o financiamento e execución das obras de reparación da pasarela colgante de Leiro. Na dita proposta de convenio prevese que a execución das obras se realice integramente no exercicio 2016.

A este respecto, cabe face-las seguintes consideracións:

- a) En primeiro lugar, o feito de que o convenio prevexa a execución para o 2016, e a subvención estea prevista no orzamento de 2015, non impide a subscripción do convenio (equivalente á concesión da subvención) considerándose a este respecto que é posible a tramitación anticipada da subvención ó abeiro do artigo 56 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, partindo de que existe o financiamento para a referida subvención no orzamento vixente, o que permitirá a súa dotación no orzamento de 2016.
- b) O que a subvención nominativa teña como beneficiario ó Concello de Leiro, non queda desvirtuado polo feito de que conforme co convenio a execución das obras lle corresponda á Confederación, xa que, en todo caso, o destinatario final da obra, segundo o convenio, é o Concello, que, polo tanto, conserva a condición de beneficiario.

Polo exposto, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno** adopta o seguinte **acordo**:

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do día 23 de outubro de 2015

1º.- Aproba-la subscrición dun convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a Deputación e o Concello de Leiro, para obras de reparación da pasarela colgante de Leiro (Ourense), consonte coas seguintes cláusulas:

PRIMEIRA.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto determina-las condicións que rexerán o financiamento, execución e posterior entrega das obras que se contemplan no “Proxecto para a reparación da pasarela colgante de Leiro (Ourense)” que está redactando o concello, así como as correspondentes ó seu mantemento e conservación futuras.

SEGUNDA.- DURACIÓN, MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

1.- Este convenio producirá efectos a partir da data da súa subscrición e a súa vixencia concluírá cando teñan finalizado as actuacións obxecto deste e se teña procedido á recepción das obras, liquidación do contrato e finalización do prazo de garantía.

2.- Poderá extinguirse por algunha das seguintes causas:

- a) O mutuo acordo das partes que o subscriben.
- b) A entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.
- c) O incumprimento de calquera das súas cláusulas.

Nos ditos supostos establecerase, en función da causa concreta de extinción e á vista da situación particular das actuacións en curso, a forma de continuación destas e a forma de entrega das obras ó organismo competente.

3.- As posibles modificacións deste convenio deberán formalizarse mediante a subscrición do correspondente instrumento modificativo, cos mesmos requisitos e condicións esixidos para a aprobación do inicial.

TERCEIRA.- DESCRICIÓN DA OBRA

O obxectivo da actuación recollerase no “Proxecto de reparación da pasarela colgante de Leiro (Ourense)” que está en fase de redacción polo Concello de Leiro.

CUARTA.- FINANCIAMENTO

O custe da actuación estimouse en 310.000 €. Para esta, existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 23.108.452A 61, do orzamento de gastos do organismo de conca para o exercicio 2016, código de proxecto 2009.23.231.0111.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do día 23 de outubro de 2015

A actuación financiarase entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a Deputación Provincial de Ourense, que conta con crédito adecuado e suficiente na súa aplicación orzamentaria 231.11/480.01, e o Concello de Leiro na seguinte proporción:

- A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil achegará 100.000 euros do custe inicialmente previsto, o que supón unha porcentaxe do 32,26% do investimento inicialmente previsto.
- A Deputación Provincial de Ourense achegará 60.000 euros do custe inicialmente previsto, o que supón unha porcentaxe do 19,35% do investimento inicialmente previsto.
- O Concello de Leiro achegará 150.000 euros do custe previsto, o que supón unha porcentaxe do 48,38% do investimento inicialmente previsto.

Con cargo ó dito importe a CHMS afrontará tanto o custe da obra como a dirección e vixilancia desta, ademais dos gastos correspondentes ás medidas de seguridade e saúde.

O custe do proxecto será asumido integramente polo Concello de Leiro, así como calquera sobrecuste na execución das obras que sexa imputable ó dito proxecto construtivo.

QUINTA.- ANUALIDADES E ACHEGAS

1. A actuación obxecto deste convenio órzase unicamente na anualidade 2016. A distribución dos importes correspondentes a cada cofinanciador establécese na cláusula cuarta deste convenio. Non obstante, a distribución de anualidades poderá modificarse, se resultara necesario incrementa-lo número daquelas, para acomoda-lo financiamento á execución das actuacións.

2. As achegas da Deputación Provincial de Ourense e do Concello de Leiro materializaranse mediante a transferencia dos fondos precisos á CHMS, previa certificación por esta dos compromisos adquiridos en cada anualidade (fase contable D) xunto coa copia dos documentos acreditativos do gasto comprometido; ou retido, en caso da liquidación final.

Non obstante, para os efectos de declarar xustificado o pago, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil remitiralles á Deputación Provincial de Ourense e ó concello, xustificación dos gastos realizados (copia compulsada dos documentos contables OP, certificación e factura) antes do 30 de decembro da respectiva anualidade.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do día 23 de outubro de 2015

3. As transferencias de fondos efectuaranse no prazo de dous meses desde a recepción da precitada certificación. Serán ingresadas na conta que a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil ten aberta no Banco de España: 9000 0022 10 0200001328.

O importe reflectido na cláusula cuarta será o máximo que os cofinanciadores teñan que achegar, salvo que se modifique previamente o importe total do convenio, caso no que lles corresponderá a cantidade derivada da dita novación convencional.

4. Cando se prevexa que a execución non alcance a contía inicialmente prevista para a anualidade, a CHMS porao en coñecemento da Deputación Provincial de Ourense e do Concello de Leiro para que poidan estes efectua-los oportunos axustes financeiros e orzamentarios. A dita comunicación deberá realizarse antes de que conclúa o mes de outubro de cada exercicio.

5. Se é o caso, o importe non certificado pasará automaticamente ó exercicio 2017.

SEXTA.- OBRIGAS E FACULTADES DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL

Correspóndenlle á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, as seguintes obrigas:

1. O financiamento das actuacións de acordo co disposto na cláusula cuarta deste convenio.
2. Licitat, adxudicat e xestiona-los contratos da obra e servizos precisos, así como as demais actuacións precisas para executa-lo convenio de colaboración ata a súa terminación definitiva.
3. Realizar, unha vez terminadas as obras, a recepción destas.
4. Unha vez recibidas as obras en adecuadas condicións de uso, notificarlle este acto ó concello, xuntando unha copia da acta de recepción a modo de entrega, para que este asuma a súa xestión, mantemento e conservación.

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, resérvase as funcións de inspección e control sobre o equipamento obxecto do proxecto.

SÉTIMA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE LEIRO

Corresponderanlle ó Concello de Leiro as seguintes obrigas:

- 1.- Redactar e aproba-lo proxecto para a realización das obras.
- 2.- Financia-las actuacións de acordo co disposto na cláusula cuarta deste convenio.
- 3.- A posta a disposición dos terreos para a execución da actuación.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do día 23 de outubro de 2015

4.- A xestión, mantemento e conservación das obras obxecto deste convenio, a partir do día seguinte á recepción da notificación da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (cláusula sexta-4) converténdose, para tódolos efectos, desde ese momento, no único responsable da infraestrutura construída.

5.- O pago de todos cantos tributos graven as ditas instalacións, incluso, se é o caso, o Imposto sobre bens inmobles; ademais dos custes de subministracións e servizos necesarios para a conservación das instalacións; e, en xeral, de tódolos gastos derivados da xestión, mantemento e conservación das obras obxecto deste convenio.

OITAVA.- FACULTADES DO CONCELLO DE LEIRO

O Concello de Leiro queda autorizado, a partir da entrega do construído, a utiliza-las obras entregadas de acordo cos fins que motivaron a súa execución.

NOVENA.- OBRIGAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Correspóndelle á Deputación Provincial de Ourense o financiamento das actuacións de acordo co disposto na cláusula cuarta deste convenio.

DÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o desenvolvemento desta colaboración e ata o momento da entrega das actuacións, establécese unha Comisión Técnica Mixta -que estará composta por dous representantes da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, un representante da Deputación de Ourense e un representante do Concello de Leiro- que se reunirán tantas veces sexa necesario, a petición de calquera das partes.

Esta comisión coordinará as actuacións relacionadas co obxecto deste convenio, intentando resolve-las dúbidas que poidan xurdir en canto á súa execución.

UNDÉCIMA.- ORDE XURISDICCIONAL COMPETENTE

Sen prexuízo das funcións que se lle atribúen á Comisión de Seguimento na cláusula anterior, as cuestións litixiosas que poidan suscitarse respecto á aplicación, interpretación e cumprimento do seu contido serán competencia da Orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

DUODÉCIMA.- PUBLICIDADE

Este convenio de colaboración será obxecto de publicación de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do día 23 de outubro de 2015

Neste sentido, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle dea a este convenio a publicidade esixida.

2º.- O presente acordo queda condicionado a que nos orzamentos da Deputación para o exercicio 2016 se estableza o crédito adecuado e suficiente para o financiamento da subvención concedida.

6.- APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN ANUAL DA ESCOLA DE ARTES E OFICIOS CORRESPONDENTE AO CURSO 2016.-

Á vista da proposta formulada pola Dirección da Escola e de acordo co ditame favorable da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, a **Xunta de Goberno**, en exercicio da competencia atribuída polo artigo 3.1 da dita ordenanza, así como da delegación conferida polo Pleno da Deputación mediante acordo do 27 de xullo de 2012 (BOP n.º 189, do 18 de agosto de 2012) para a fixación dos prezos públicos da Escola, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar a programación anual da Escola de Artes e Oficios para o curso 2016, co seguinte contido:

a) Accións formativas que se desenvolverán:

- Debuxo e iniciación á pintura.
- Perfeccionamento en pintura.
- Talla de madeira.
- Modelado.
- Oleiría e esmalte de cerámica.

b) Calendario dos cursos: do día 2 de xaneiro de 2016 ao 30 de xuño de 2016.

- Impartiranse ata 3 horas de docencia diarias de cada disciplina en días hábiles, e en horarios que fixará a Dirección da Escola.
- Cada disciplina contará cun profesor específico, cun total de cinco (5) profesores.
- En función da matrícula efectivamente existente, a Dirección poderá organizar o contido de cada disciplina nos grupos e horarios que se estimen máis convenientes.
- A impartición dos cursos levarase a cabo nas aulas da Escola de Artes e Oficios utilizando os medios materiais dispoñibles.

Non obstante o anterior, o material de traballo de cada alumno (pintura, lenzos, molduras, etcétera) será por conta deste. Como excepción, no curso de oleiría, esmalte e

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do día 23 de outubro de 2015

modelado, a Deputación adquiriralle o barro a un distribuidor e cobrarallo ao alumno a prezo de custo. Sen prexuízo de que estes poidan adquirilo pola súa conta, se así o desexan.

c) Prazo e procedemento de inscrición para a participación nas accións formativas.

O prazo de inscrición será durante os días 3 a 30 de novembro de 2015, ambos incluídos. A inscrición realizarase no Centro Cultural “Marcos Valcárcel” no modelo normalizado dispoñible nas ditas oficinas e esixirá o ingreso de matrícula anual establecida.

A presentación do formulario de inscrición coa acreditación do pago de matrícula permitirá entender automaticamente realizada esta.

d) Normas de permanencia en disciplinas.

Os alumnos non poderán permanecer nunha disciplina máis de cinco (5) anos. Pasado este período, enténdese acadado o seu nivel formativo e deberán matricularse nunha disciplina distinta ou deixar a Escola. En pintura, o paso de iniciación a perfeccionamento pode ser antes dos cinco (5) anos, tras a autorización previa do director e informe favorable do profesor titular.

Para aplicación desta norma, teranse en conta os cursos realizados nos exercicios precedentes.

e) Prezos públicos pola participación en accións formativas.

- Matrícula anual por disciplina: 40,00 €

- Abono mensual por disciplina: 10,00 €/mes por alumno.

A matrícula debe ser pagada no momento da inscrición, constituíndo requisito previo imprescindible para a súa efectividade.

O pago da cota mensual deberase efectuar por adiantado nos primeiros cinco (5) días de cada mes. A falta de pago dará lugar de forma automática á suspensión do dereito de asistencia ao curso, que se manterá ate que se realice o referido pago.

Os prezos públicos indicados inclúen o IVE correspondente.

- Bonificacións: En todos os prezos públicos aplicaráselles unha bonificación do 100% aos alumnos que teñan a condición de desempregados ou que formen parte dunha unidade familiar na que os dous proxenitores se atopen en situación legal de desemprego. A acreditación da condición de desempregado realizarase mediante certificación expedida polo Servizo Público de Emprego.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do día 23 de outubro de 2015

Ao abeiro do establecido no artigo 4.1.c) da Ordenanza reguladora da Escola de Artes e Oficios, establécese unha bonificación do 100% tanto na matrícula anual como no abono mensual, en todas as disciplinas para as persoas con síndrome de Down e persoas cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33%. Para o acceso á dita bonificación, os interesados deberán acreditar o seu grao de discapacidade.

2º.- Ordenar a publicación no BOP deste acordo, para xeral coñecemento.

7.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

8.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás dez horas e trinta minutos, do referenciado día vinte e tres de outubro do ano dous mil quince, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,